



### **ASUNTO: PROGRAMA DEPORTIVO ESCOLAR – Curso 2017/18**

Con motivo do inminente inicio do Programa Deportivo Escolar, temos a ben en facilitarlles a **normativa e protocolo** de funcionamento do devandito programa deportivo:

1. O Programa Deportivo Escolar é un conxunto de **escolas deportivas** de carácter extraescolar, cunha duración de 1-2 horas semanais, no cal o obxectivo non é formar deportistas senón dar a coñecer unha actividade.
2. O club debe de **dispoñer dos monitores** necesarios para que as actividades estén cubertas en todo momento.
3. O monitor debe estar no lugar onde se imparta a actividade co tempo e **antelación suficiente**.
4. Os alumnos deben estar acompañados en todo momento polo monitor, durante o transcurso da actividade.
5. Unha vez rematada a actividade o monitor/a debe comprobar que tódolos nenos **foron recollidos**. Se algún pai/titor tarda en recoller o neno/a os monitores dispoñen dun directorio telefónico para poñerse en contacto con eles, e posteriormente se informará a Concellaría de Deportes para evitar que se produzan novas tardanzas na recollida destes.
6. Os nenos deben ser recollidos por unha persoa **maior de idade**, de producirse o contrario poñerse en contacto co responsable da Fundación.
7. Se durante o transcurso da actividade se producira algunha **incidencia grave**, esta deberá ser comunicada urxentemente os técnicos da Concellaría de Deportes.
8. Dende esta Fundación se lles facilita un **listado completo** dos alumnos que participan na actividade impartida polo seu club, onde se recollen datos como: alumno, pais, teléfonos, alerxias, .....; coa fin de que exista un contacto directo cos responsables paternos dos nenos/as.
9. En días de **mal tempo**, se non se comunica o contrario, o monitor/a deberá acudir sempre á instalación onde se debe realizar a actividade, e alí, en función dos nenos/as que acudan, valorar a posibilidade de levala a cabo ou non. Si se decide suspender, lembre que ningún neno/a pódese quedar só durante esa hora, para iso contades cun directorio telefónico de cada un dos grupos.
10. Informarlles tamén que os **períodos vacacionais** deste programa se axustan os propios dos centros escolares: Vacacións de Nadal, Carnaval e Semana Santa, así como tamén as festividades locais, autonómicas, nacionais e propias do centro escolar. Deben manter informados os nenos/as destes días para evitar que algún deles asisita a actividade por equivocación.

**Responsable Concellaría de Deportes:** (Marcos Torres: 660 403 971)